


7. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Hai que facer as actividades do tema **a man, en folios brancos** onde figure o **número de actividade, nome do alumno/a e grupo**. Non se recollerán doutra maneira.

A profesora marcará o ritmo ao que se farán as actividades e as datas de entrega.

INTRODUCCIÓN:



CAUSAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL: O CLIMA PREBÉLICO DOS ANOS 30

GRAN DEPRESIÓN



ASCENSO DOS FASCISMO



O EIXO: Alemaña, Italia, Xapón



EIXO: ROMA-BERLÍN-TOKIO



Benito Mussolini,
Duce de Italia



Adolf Hitler,
Führer de Alemania



Hiro Hito,
Emperador del Xapón



- Expansión xaponesa mediante o ataque a China desde Manchuria.
- Intervencionismo italiano en Etiopía e Albania .
- Participación de Italia, Alemaña e a URSS na Guerra Civil española.
- Expansionismo da Alemaña nazi: militarización de Renania, anexión de Austria (na imaxe da dereita) e dos Sudetes (territorio checoslovaco con poboación de cultura xermana), ocupación de Checoslovaquia.

QUE FAN AS POTENCIAS SOCIALISTAS/COMUNISTAS MENTRES TANTO?



Sociedade de Nações (alianza de países para preservar a paz) = ineficaz



Potencias liberais = política de contención = aceptan expansión dos fascistas.





URSS= purgas internas= pacto de non agresión con Alemaña.

EXPANSIÓN FASCISMOS ATA 1939...

La Italia fascista, a la busca de un imperio

El régimen fascista desarrolla una política exterior que gira sobre un único objetivo: crear un Nuevo Imperio Romano cuya base sea el dominio del Mediterráneo



TAREFA 1: imaxina que es xornalista e tes que escribir unha crónica explicando á poboación toda a evolución das causas e o detonante a II Guerra Mundial.

Pautas:

- Explicar non é mencionar, é explicar!
- Non fagas un copia-pegar dos apuntes. Redacta de maneira persoal.
- Non fai falta buscar en webs, se non te lembrás de detalles busca nos apuntes do tema 6 e 7.
- A boa presentación e ortografía son fundamentais.
- Non escatimes en palabras!! Escribe mínimo unas 30 liñas.



SE FORON ACEPTANDO A EXPANSIÓN FASCISTA DURANTE TANTO TEMPO...CAL O DETONANTE DA GUERRA?




1 de setembro de 1939 = INVASIÓN DE POLONIA

“Guerra relámpago” = Polonia aplastada rápidamente.

POR QUE A INVASIÓN DE POLONIA FOI “ESPECIAL” PARA COMEZAR UNHA GUERRA?

A URSS firmara con Alemaña un pacto de non agresión cunha clausula referente a Polonia. Este territorio sería dividido entre as dúas potencias e ademais a URSS invadiría as potencias Bálticas.

No fondo recelaban entre sí, e o pacto era para Alemaña un elemento para “gañar tempo” antes de invadir a propia Rusia.



Era un territorio entre fascistas e comunistas “protexido”.

- Francia e Gran Bretaña firmara con Polonia acordos de axuda mutua.

DECLARACIÓN DE GUERRA



TAREFA 2: responde ás seguintes preguntas.



- Que é unha “guerra relámpago”?
- Compara como era a situación de Alemaña ao comezo a I e a II Guerra Mundial. Busca nos apuntes (non en webs) e redacta de maneira persoal as respostas.

FASES DA II GUERRA MUNDIAL

II Guerra Mundial caracterizada polos avances rápidos.
Avance rápido de tropas acoirazadas apoiadas por forzas aéreas.



O avance alemán (1939-1941)

O ano clave da guerra: 1941

A ofensiva aliada (1942-1945)

Los bandos beligerantes



O avance alemán (1939-1941)

A invasión de Polonia era un paso máis na política expansionista nazi. Hitler contaba con que as demais potencias seguisen coa súa permisividade pero acabaron declarándolle a guerra.

SETEMBRO 1939

POLONIA

DINAMARCA

NORUEGA

PAÍSES BAIXOS

BÉLXICA

FRANCIA



XUÑO 1940

***Dominio da fronte africana (Rommel)**



Unha vez dominado o occidente europeo, o avance alemán dirixíase cara **Rusia** (tras romper o pacto de non agresión)

O ano clave da guerra: 1941



En 1941 as potencias do Eixo gozaban dunha posición de clara vantaxe na guerra: en Europa, Alemaña e Italia controlaban directamente o continente (coa excepción de Gran Bretaña); en Asia, Xapón vencía na súa guerra contra China e controlaba os seus principais centros económicos, ademais de que comezara a súa expansión polos arquipélagos do Pacífico.

QUE ACONTECEMENTOS DECISIVOS SUCEDEN EN 1941?

- Alemaña comeza, malia o pacto de non agresión, a **invasión da URSS**, inimiga ideolóxica do nazismo polo seu comunismo. Os rápidos avances da *Wehrmacht* facían pensar nunha vitoria inminente coma na fronte occidental, pero esta non se produciu grazas á resistencia soviética.



- **Xapón ataca a base naval estadounidense de Pearl Harbor** (imaxe da dereita), provocando a entrada na guerra dos EUA. Os iniciais avances xaponeses serán contrarrestados polo exército estadounidense, quen tamén actuará na fronte europea.



TAREFA 3: responde ás seguintes preguntas.

O ATAQUE Á URSS

Le o seguinte artigo sobre a Operación Barbarroja e fai un resumo do mesmo de maneira persoal.

<https://www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-57290860>

O AOS EEUU

Observa o seguinte video e apunta os datos máis significativos. Logo elabora un resumo persoal.

<https://www.youtube.com/watch?v=2FtW2Rk4KTg>





Ataque a Pearl Harbor



Ataque a Pearl Harbor

Ataque a Pearl Harbor



<https://www.youtube.com/watch?v=jU3kvXOI5B8>

<https://www.youtube.com/watch?v=2FtW2Rk4KTg>



OPERACIÓN BARBARROJA

https://www.youtube.com/watch?v=cmB_rlsucyo



A ofensiva aliada (1942-1945)

A entrada na guerra dos EUA e da URSS cambiou o curso do conflito. A **tenaz resistencia soviética e o peso da maquinaria industrial e militar estadounidense** trouxeron como consecuencia as primeiras derrotas para os exércitos do Eixo e que pasasen dunha dinámica de avance continuo á perda progresiva de posicións.

LAS OFENSIVAS ALIADAS EN EUROPA

-  Territorios controlados por el Eje (máxima expansión)
-  Territorios controlados por la URSS (noviembre 1942)
-  Territorios controlados por los occidentales (Gran Bretaña, EE UU, noviembre 1942)
-  Estados neutrales
-  Ofensivas soviéticas
-  Ofensivas occidentales
-  Frentes de batalla
-  Principales batallas



O avance aliado non foi fácil debido á resistencia alemana pero houbo tres batallas decisivas:

- **Stalingrado** na fronte oriental. <https://www.youtube.com/watch?v=rxPkstJsnk8> <https://www.youtube.com/watch?v=FCiRcMZ7ZcU>
- **Midway** no Pacífico.
- **Alamein** no norte de África.

No proceso de avance aliado en Europa teñen unha gran importancia os desembarcos aliados en Italia (1943) e **Normandía** (na imaxe, en 1944), que permitiron atacar á Alemaña nazi por dúas fronteas simultaneamente. Incapaz de asumir a derrota, Hitler ordena, desde o seu búnker dun Berlín derruído e co Exército Vermello ás portas da cidade, a resistencia sen rendición antes de suicidarse. O 7 de maio de 1945 Alemaña asinaba a rendición incondicional. A guerra remataba en Europa.







A fotografia que ilustra este apartado, cos soldados soviéticos ondeando a súa bandeira no alto do Reichstag (edificio do parlamento alemán) é unha das imaxes máis icónicas do século XX, **símbolo do fin do nazismo.**



No Pacífico, malia a rendición da Alemaña nazi, Xapón mantén unha férrea resistencia en cada illa e arquipélago. O lanzamento de dúas bombas atómicas estadounidenses, primeiro sobre **Hiroshima** e despois sobre **Nagasaki**, fan que Xapón capitule o 2 de setembro de 1945. A guerra rematará.

O Holocausto



A Segunda Guerra Mundial foi o contexto no que a Alemaña nazi activou un programa de exterminio a gran escala que afectou principalmente á **poboación xudía**, pero que tamén supuxo a persecución e exterminio de minorías como a poboación xitana, grupos étnicos como a poboación eslava ou grupos determinados pola súa orientación sexual (homosexuais) ou características físicas ou psíquicas (discapacitados).

Solución final



Evolución...

1933. Adolf Hitler toma o poder.
Xa había un clima antisemita.
Comeza a persecución xudea.



Leis de Núremberg

1938. **Campañas de "arianización"**
Apropiación dos negocios e das
propiedades da poboación xudía.
Noite dos cristais rotos.

